

BAILE, MÚSICA E XOGOS TRADICIONAIS

PESDELÁN

Público familiar, adulto ou infantil




Mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos ao público, pretende recuperar o espírito participativo das festas e integrar a todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia. O grupo nace no 2008 da unión de reputados músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal. Sorprende nas festas do Apóstolo de Santiago de Compostela no 2008 facendo participar a centos de persoas, no Festival dos Abrazos da mesma cidade, en Barcelona, Quart de Poblet (Valencia), Fundao (Portugal), Festival San Froilanciño (Lugo)... Ofértanse diferentes espectáculos nos que sempre se precisará espazo para bailar:

ENTROIDANZAS. É un dos últimos espectáculos de Pesdelán, que nace despois do éxito de "Na punta do pé". Con Entroidanzas bailaremos cos foliões de Ourense, seremos demos das rúas de Lima, andaremos como os corcovados do centro de Italia, moveremos os coloridos paraugas do Frevo de Pernambuco... En definitiva, gozaremos co espírito do Entroido, así que só nos resta pedirvos que vos animedes a bailar con nós en calquera momento do ano, porque para Pesdelán todo o ano é Carnaval!

NA PUNTA DO PÉ. Trátase do primeiro traballo de Pesdelán, que ten un obxectivo moi claro coma o resto dos espectáculos do grupo: que o público baile! Unha das integrantes da formación animaranos a seguir os seus pasos, que nos explicará de forma sinxela e amena, para que todos e todas poidamos unirmos á festa. Acompañana un grupo de grandes músicos e músicas que interpretarán as melodías para podelas bailar. O tempo pasará sen darnos conta mentres gozamos, rimos, bailamos e coñecemos as e os nosos novos compañeiros de baile. Para os máis ambiciosos, estes espectáculos poden incluír un obradoiro de baile antes do concerto-baile (opcional).

NA PALMA DA MAN. Pesdelán volve a sorprendernos con este novo espectáculo. Tras o éxito de "Na Punta do Pé", o redor do baile de Galicia e Portugal, e "Entroidanzas", cunha escolma de bailes de Entroido do mundo, Pesdelán quere agasallarnos nesta nova proposta, cos bailes e danzas máis divertidos da Península Ibérica. Pai Paulino (Galicia), Galandún (Portugal) o Txulalai (País Vasco) son algúns dos nomes dos bailes que conforman este espectáculo, que como non podía ser doutro xeito, vai dirixido ao público familiar. Unha proposta divertida e saudable coa que pasalo ben en familia, sen importar a idade, sen importar a túa forma física, porque o realmente importante non se vé, síntese.



E ADEMAIS...

PESELÁN E BAILADORES! Idade recomendada: adultos. Que mellores axudantes para facervos bailar que os bailadores e bailadoras da zona? Máis de 30 membros dos grupos de baile locais, súmanse a esta iniciativa para poñer literalmente a bailar a calquera multitude que se poña por diante. O tempo pasará sen darnos conta mentres gozamos, rimos, bailamos e coñecemos as e os nosos novos compañeiros de baile.

PESELÁN MINI. É a versión reducida de **Na punta do pé**, o espectáculo perfecto para lugares pequenos cun aforo máximo de 100 persoas.

OBRADOIROS (Cos repertorios de Na punta do pé, Entroidanzas ou Na palma da man)
Xénero: Obradoiro de baile (con música gravada) e impartido por Montse Rivera
Duración: 50 / 60 minutos (dependendo do público)
Idade recomendada: infantil / familiar ou adultos (a escoller)
Perfectos para lugares pequenos e celebracións con pouco presuposto...

